

Técnica de corte e descarga da barba e bigote

O deseño da barba e bigote e o arranxo destas consiste na definición de forma, lonxitude, espesor e perfilado do contorno que vai adquirir o pelo en función do estilo que se pretende conseguir.

É importante facer un bosquexo co deseño da barba e bigote. O Bosquexo faixe unha previsualización do resultado final, para valorar se é o estilo desexado polo cliente e polo profesional, e dicir, para que os dous implicados cheguen a un acordo.

Antes de calquer traballo técnico debemos preparar e protexer o cliente.

Preparar a zona de traballo con todo o necesario (útiles, ferramentas, cosméticos..) con orde e limpeza. Todo debe estar limpo, desinfectado e esterilizado segundo o seu uso.

O profesional debe prepararse (uniforme e calzado ergonómico) É recomendable no arranxo de barba e bigote usar máscara e se imos realizar un rasurado recoméndanse empregar luvas, estas empregaranse sempre que haxa un sangrado na zona a raxurar.

1. Recorte de barba e bigote

1.1 Perfiado da Barba.

Antes de realizar un arranxo de barba é importante saber que cada barba ten unha implantación distinta e con asimetría.

a. Cepillar ben a barba. Isto axudará a ordear os pelos

b. Delimitar os contornos. Para isto visualizaremos a implantación do pelo, pómulos e pescozo.

Traballar coa máquina sen cabezal, podese rematar coa navalla

b.1 Pómulos. Podemos atoparnos con tres tipos de perfil:

- Dende a parte superior da orella (nacemento) a comisura dos beizos.
- Dende a metade da orella (trago) ata a comisura dos beizos (cando queremos deixar a cara máis despexada)
- Igual que o paso anterior pero creando curvatura en todo o contorno, para suavizar as faccións da cara e o mesmo tempo realzar os pómulos e así dar amplitude a zona.

b.2 Pescozo.

Limpar a zona coa maquinilla sen cabezal unha vez rematado se é necesario aplicárase un cosmético para o afeitado non espumante e rasurar coa cuchilla.

A liña debe situarse por riba da noz. Trazaremos unha liña (co dedo) no centro dende o mentón ata o pescozo e onde pare o dedo (unión co pescozo) trazaremos unha pequena liña horizontal (no centro) que será o punto de partida para cada lateral para delimitar o contorno inferior da barba. Dende esta zona realizaremos unha pequena V invertida dende o centro ata os laterais para que o contorno da barba quede recto e non en pico.

Seguidamente realizaremos o perfilado dos ángulos laterais (extremos da mandíbula):

- Se queremos alargar a cara o perfilado será recto.
- Se queremos ensanchar o perfilado realizarase por debaixo da orella

1.2. Perfilado do bigote

Podemos realizalo a mesma altura da barba ou un punto por debaixo para que non destaque demasiado. O deseño dependerá do gusto do cliente.

O bigote pode ter máis densidade ou menos ca barba.

Pasos arranxo bigote:

- Peitealo cara baixo
- Recortar coa tesoura pequena ou maquinilla sen cabezal.
- Recortar os pelos que sobresaen o beizo superior.
- Recortar os pelos que sobre saen debaixo das fosas nasais.
- Se o bigote e tupido debemos redefinir ben os contornos.

Se a barba e o bigote son pouco densos á altura dos beizos, podemos:

- Rasurar máis corta esta zona para que a barba nazca unifique.
- Transformar esta zona separando o bigote do resto da barba.
- Afeitara por completo sen subir demasiado ata a comisura dos beizos.

2.Arranxo ou deseño de barbas longas.

Podemos realizar diferentes tipos de barbas longas estás poden ir en cadrado, pico ou redondeadas.

- Peitear
- Cortar en seco
- Lavar
- Aplicar aceite para barba
- Peitear

2.Técnica de descarga de barba e bigote

1.Recomendase realizar a descarga co pelo seco.

Empregarase maquinilla ou/e tesoura e peite, en ambos casos o resultado será o mesmo.

No caso de empregar a maquinilla deberanse elixir previamente os peites a empregar para deixar o longo desexado. Pasarase a maquinilla a contrapelo.

Se se empregan a tesoura e peite, realizaremos a técnica de tesoura sobre peite e para deixar a lonxitude desexada dependerá do ángulo que creemos con peite.

Calquera das técnicas (maquinilla ou tesoura) podemos empregala tanto na barba e/ou bigote.

2. Unha vez cortado o pelo realizarase o perfilado do contorno. Neste caso recomendase realizar coa maquinilla se é moi curto, e se non o é, pode realizarse tanto coa maquinilla (sempre sen peites e co peite da maquinilla o máis curto) coma coa tesoura.

3. Limpar os restos de pelos que poidesen caer no rostro.

4. a) Rasurar as zonas da cara que limiten o contorno da barba e/ou bigote.

- Se e pouco a rasurar realizarase cun cosmético pre-shave transparente.
- Se a zona a rasurar é grande realizarase o protocolo do rasurado, pero empregarase cosmético pre-shave transparente para visualizar o contorno.

b) Se descargamos para realizar despois o rasurado procederemos a realizar o protocolo de rasurado.

5. No deseño e perfilado de contornos debemos controlar a simetría para isto deberanse tomar uns puntos de referencia tales como:

Distancia entre mandíbula e a zona rasurada (comprobamos distancias), ou marcar unha liña imaxinaria polo centro da nariz (comprobamos alturas) para comprobar así que os dous lados son simétricos.

6. Aplicar cosmético after shave o rematar e se quedan zonas con barba algo longa aplicarlle aceite o pelo.